



## **DISCURSO DO REITOR – Antonio López Díaz**

### **APERTURA DO CURSO 2025-2026**

**Pazo de Fonseca – 04.09.2025 – 12.00 h**

---

---

Presidente da Xunta, Reitor da UDC, Reitor da UVigo; Secretaria do Consello Social da USC, Ptes Consellos Sociais da UDC e da UVIGO

Delegado do Goberno en Galicia

Alcaldesa de Compostela

Conselleiro Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Profesor Veiga Alonso,

Presidente do Consello do Estudantado da USC

Membros dos equipo de goberno das universidades.

Valedores da Comunidade Universitaria, de Santiago e A Coruña,

Ex reitores Pajares, Barro, Casares, Viaño, da USC, Barja e Armesto, da UDC

Decanas e Decanos, Directoras e Directores de Departamentos

Xeneral Xefe do Mando de Apoio á Manobra,

Conselleiro de Facenda,

Membros da Mesa do Parlamento,

Voceiros dos grupos Socialista e do BNG,

Presidenta do Consello da Cultura, Presidente do Consello Consultivo,

Conselleiro Maior do Consello de Contas, Valedora do Pobo,

Presidente do Consello Económico e Social

Arcebispo de Compostela



Secretario Xeral de Universidades

Secretario Xeral Técnico da Consellería ECUFP

Directora Xeral de Formación Profesional

Directora de GAIN

Directora da EGAP

Presidente de ACSUG

Deputados e Senadores .

Subdelegada do Goberno na Coruña.

Presidentes da RAG, Academia de Ciencias e Farmacia.

Membros das forzas e corpos de seguridade

Concelleiros

Xerentes das Áreas sanitarias de Santiago e Barbanza e da área de Ferrol.

Representantes consulares

Profesorado, persoal de administración e servizos, estudantes, donas e señores,

Hai hoxe 530 anos, o 4 de setembro de 1495, outorgáronse en Compostela dous documentos fundamentais para o xurdimento da Universidade en Galicia. No primeiro, o abade de San Martiño, Frey Juan de Melgar, coa autorización do prior de San Bieito de Valladolid, fai doazón a Lope Gómez de Marzoa, e para o Colexio de Estudiantes que quere fundar na cidade, *“la dicha casa de San Payo, cabstras, ortas e e ofiçinas, corrales e hedifícios, eceyto tan solamente el cuerpo de la iglesia de dicho Monasterio que queda para en que se digan e çelebren los ofiçios devinos...”*, engadindo que *“prometemos de non rebocar esta dicha donaçion so obligacion de los bienes*

*del dicho nuestro monasterio que para ello obligamos e so pena de çinco mil doblas doro ...*

No segundo dos documentos, Lope Gómez de Marzoa *“dotó e fiso donaçión para sempre yamas al dicho collejo que hia de fazer en el dicho monasterio de San Payuo segundo dicho es los bienes seguintes...”*, e incorpora unha longa relación de bens que van dende Angrois ata Baiona, ao que se engaden *“las casas propias que teño en esta dicha cidade e outros qualsquier bees rayses que oje este dicho dia a min pertenesçen eçebto el logar de Marçoa e o casal da orta e a orta d’Algara debaixo que queda comigo e coa miña moller ...”*, bens que representan, naquel momento, unhas rendas de 50.000 maravedís.

Ambos os documentos, aínda que outorgados perante o mesmo notario, probablemente relacionado con Marzoa e con fórmulas notariais similares e propias da época, están redactados de xeito notablemente diferente. O primeiro foi escrito en castelán e o segundo, que contén a doazón de Marzoa, en galego, aínda que con algunha palabra en castelán, o que acredita o coñecemento e uso das dúas linguas pola clase notarial, algo que hoxe, 530 anos despois, segue a ser unha aspiración.

É verdade que a vida deste primeiro colexio foi efémera, xa que catro anos despois, a pesar das manifestacións vertidas no documento de doazón que hoxe conmemoramos, e logo de cambios na congregación dos bieitos para destinar San Paio a convento de monxas, déixase sen efecto a doazón no capítulo do mosteiro de 18 de xullo de 1499, alegando, como causa, a imposibilidade de cumprir un compromiso de entrega de rendas que non figuraban no documento orixinal, ao tempo que se sinala que o mosteiro quedara *“desierto e desamparado de monxes e era casa prophanada en grande escándalo de todo el pueblo”*, polo feito de dedicarse á formación da mocidade.



Pero Lope Gómez de Marzoa era teimudo e os estudos non se interromperon aínda que deberon proverse dalgún outro espazo, ata que en 1501, o 17 de xullo, e por acordo entre el mesmo, Diego de Muros II (bispo de Canarias) e Diego de Muros III (Deán de Compostela) créase o Estudio Xeral, logo coñecido como Estudio Vello, que se situaría no Cantón da Rúa Nova, onde posteriormente se erixiu o Colexio dos Irlandeses.

O recoñecemento definitivo da Universidade e a súa capacidade para ofrecer estudos e expedir títulos creando novas cátedras veu da man da bula de Xulio II do 17 de decembro de 1504, a petición de Diego de Muros, na que tamén se concede a exención da xurisdición do arcebispo, e tamén do cabido, para someter o estudo ao control do Deán, nunha manifestación desa autonomía que, dende eses momentos iniciais, caracterizou ás Universidades e que segue a ser un dos seus principios esenciais de funcionamento.

Outra bula posterior, a de Clemente VII, asinada o 15 de marzo de 1526, instada por Alonso III de Fonseca, inimigo manifesto de Diego de Muros, autoriza a creación do Colexio por el promovido incorporando o Colexio preexistente de Diego de Muros, amplía e clarifica o réxime de estudos prevendo que se poidan estudar Artes, Teoloxía e Dereito, así como o catálogo de graos a conferir: Bacharel, Licenciado, Doutorado e Mestre, mantendo a exención da xurisdición episcopal.

Volvendo aos documentos do 4 de setembro, cuxos 530 anos hoxe conmemoramos, podemos afirmar que nesas escrituras e nese colexio de gramática está a orixe e o inicio da Universidade de Santiago de Compostela, e con ela da Universidade en Galicia, pois como ben sinala Xosé Ramón Barreiro, son varias as razóns que avalan ese Colexio e esa data de 1495 como orixe da nosa Universidade:



- a) En primeiro lugar, porque todas as universidades históricas europeas derivan, máis ca dunha decisión real ou papal pola que adquiren a facultade de impartir graos, dun proceso como o de Santiago: un colexio inicial que se foi agrandando con mestres, estudantes e ensinanzas ata consolidar o recoñecemento como o que hoxe entendemos por Universidade.
- b) En segundo lugar, pola continuidade do ensino dende este primitivo colexio ata a fundación de Fonseca (este solicita integrar o Colexio na súa obra), e mesmo ata que en 1555 Cuesta entrega unha nova planta a Universidade.
- c) Por último, tamén resulta significativo que, cando no século XVIII o Consello de Castela pida datos para elaborar o escudo da Universidade, os claustrais incorporen os símbolos de Marzoa, dez lanzas cunha palmeira no medio, xuntamente coa cruz de Diego de Muros, e as cinco estrelas de Fonseca, que seguen conformando hoxe o noso emblema.

Quixemos, xa que logo, facer coincidir a inauguración oficial do curso académico do sistema universitario en Galicia neste día tan sinalado para a Universidade de Santiago en particular, e en definitiva para a Universidade en Galicia, e agradezo as facilidades dadas por polas outras Universidades e tamén pola Xunta de Galicia para poder facer realidade esta coincidencia.

Quero tamén felicitar ao profesor Veiga Alonso pola súa brillante lección sobre a muller na esfera pública no século XIX, unha ausencia que tivo tamén que ver coas dificultades para o acceso á Universidade. Coincido coa súa valoración nese proceso da galega Emilia Pardo Bazán, á que nunca se lle recoñecerá bastante o papel desempeñado dende a Secretaría de Instrución Pública para a aprobación da Orde de 8 de marzo de 1910, que permitiu o acceso da muller á Universidade sen autorización administrativa previa.



Detrás desta efeméride non se agocha ningunha nostalxia do pasado, máis si unha aparentemente paradoxal nostalxia de futuro que podemos identificar co compromiso expresado nas verbas do que fora reitor da Universidade de Santiago, Rodríguez Cadarso, de *“ayudarla, servirla y engrandecerla para que tenga los más altos desenvolvimientos y su actuación irradie hacia horizontes más lejanos. ...para ello, ante la grandeza pasada que debe producirnos noble orgullo, no nos detengamos en demasía, lo preciso no más, para que sintiendo el acicate del estímulo y la virtud de la ejemplaridad, podamos edificar un presente que prepare el futuro grandioso que constituye nuestro ideal.* (Discurso no día da Universidade, 28 de xullo de 1930)

Pois ben, se nos referimos ao presente do sistema universitario galego, nesta inauguración do curso 2025/2026 atévome a caracterizar esta etapa que agora arrancamus como un período de cambios, cada vez máis frecuentes e máis rápidos na institución universitaria.

a) Cambios normativos.

A nova LOSU, de marzo de 2023, sen cambiar o modelo de Universidade, si introduce cambios de relevancia no marco regulador das nosas institucións, que requiren, entre outras medidas, a aprobación de novos Estatutos adaptados a esa nova regulación. Con distintos ritmos, (a Universidade da Coruña aprobou no Claustro os seus Estatutos en maio, mentres que nas Universidades de Vigo e Santiago estamos en fase de elaboración no Claustro) tocaranos ir incorporando eses cambios nas nosas Universidades.

Pero, ademais das modificacións que deben plasmarse nos Estatutos, estamos xa inmersos na adaptación doutros cambios, particularmente os que teñen que ver co réxime de profesorado, na liña de reducir a temporalidade ao tempo que se estruturaliza o cadro de persoal. Podemos



dicir con certa satisfacción que as Universidades galegas temos feito un uso razoable e rigoroso das distintas categorías, polo que tampouco resultou dificultoso artellar ese plan que coa colaboración do Ministerio e da Xunta de Galicia, e baixo o nome de María Goyri, pretende cubrir as necesidades derivadas da redución de horas de dedicación de determinadas categorías. Rematado, ou a piques de rematar ese proceso, as universidades galegas situarémonos entre as de menor taxa de temporalidade do país.

Vai ser tamén o momento de afrontar os cambios necesarios na normativa autonómica, tanto na lei galega de universidades como na normativa reguladora dos consellos sociais, e tamén outras máis específicas como o decreto de 2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais, particularmente no que ten que ver cos requisitos mínimos de estudantes para adaptalos a unha nova realidade de evolución demográfica negativa, no que se debe tomar en conta non só o número de matriculados, senón tamén as necesidades de profesionais, a inserción laboral dos egresados, así como a especialización dos campus. Ao mesmo tempo, é necesario regular a interacción entre titulacións de Universidades públicas e privadas, así como tamén o procedemento para a autorización e implantación destas últimas neste novo contexto de convivencia de universidades públicas e privadas.

b) Negociación dun novo plan de financiamento 2027-2031.

Outro dos cambios que temos que afrontar ao longo deste curso é a negociación dun novo plan de financiamento para o período 2027/2031 que dea continuidade ao que remata en decembro de 2026. Podemos dicir con orgullo que dende a creación das Universidades de A Coruña e Vigo, e a conformación do sistema universitario público de Galicia, se optou pola definición de plans de financiamento plurianuais, que, dende o de 1990-96, chegan ata o actualmente vixente que remata en 2026, algo que non foi común en todas as Comunidades. Estes plans, que agora se consagran na



LOSU recollendo unha estrutura idéntica á que en Galicia temos definido, son unha peza esencial da autonomía universitaria que na súa faceta financeira require suficiencia de recursos, previsibilidade dos ingresos que permita definir políticas a medio prazo, así como a capacidade para decidir con autonomía sobre o gasto.

Penso que todos compartimos a necesidade de acelerar as negociacións sobre ese plan de futuro (2027-2031), de xeito que poida estar acordado antes do remate deste curso que hoxe iniciamos para poder incorporar as súas previsións no orzamento da CA para 2027. É verdade que a elección de novos gobernos nas Universidades de Vigo e Santiago na primavera do ano próximo complica un pouco este calendario. En todo caso, deberán ser os novos equipos reitorais que xurdan das eleccións os que acorden e asinen o novo plan de financiamento.

Será unha boa ocasión para avanzar cara ao obxectivo establecido na lei de dedicar o 1% do PIB ao gasto público en educación universitaria pública no conxunto do Estado para achegarnos á media de investimento dos estados membros da Unión Europea. Para lograr ese obxectivo que a lei rotula como de suficiencia financeira, resulta imprescindible unha acción coordinada entre Estado e Comunidades Autónomas, os dous niveis de goberno que comparten responsabilidades sobre o ensino universitario. Algúns estudos cifran as necesidades dunhas dotacións adicionais de 3.100 millóns de euros anuais, que deben repartirse entre as Universidades ata acadar, para un esforzo fiscal e unhas mesmas necesidades, un financiamento por estudante similar nas distintas Comunidades Autónomas.

Alguén pode pensar que ese esforzo pode ser excesivo, pero, por un lado, trátase de achegarnos á media da nosa contorna e, por outro, como dixera Derek Curtis Bok, ex presidente de Harvard, *“se cre vostede que a educación é cara, probe coa ignorancia”*.



Eu engadiría que non só non é cara, senón que o investimento en educación superior presenta uns retornos que están xa rigorosamente acreditados. No último informe elaborado polo Ministerio e con datos de 2021, permite afirmar que as Universidades públicas multiplican por 5 cada euro investido nas mesmas, xerando un impacto no PIB do 2,22 % (o investimento público nas mesmas non acada aínda o 1 %) e xeran 438.00 postos de traballo.

Se agora miramos cara ao futuro máis a medio ou longo prazo, o sistema universitario, tamén o galego, e as Universidades que o compoñemos, temos diante de nós retos moi importantes que poden condicionar o que somos e o que facemos como institucións de educación superior e que, en gran medida, foron xa anunciados polo Presidente do Consello do Estudantado, a quen felicito polo seu atinado discurso, sensato e razoable e que, dende a recuperación en 2023 da práctica que se interrompera en 1933, abre sempre espazos de reflexión sobre o futuro da Universidade.

Un primeiro reto ten unha clara proxección interna e mira cara ao funcionamento do propio Sistema Universitario Público Galego que, dende o ano 1990, compoñemos as Universidades de Santiago, Coruña e Vigo. É lícito e razoable que cada unha defenda e persiga os seus propios intereses, pero esa defensa debe exercitarse nun marco de lealdade institucional, de debate interno rigoroso e de busca do acordo, tendo sempre en conta o interese superior da sociedade e do país ao que nos debemos. Ese entendemento é un valor ao que non podemos renunciar.

Outros desafíos, tamén da máxima relevancia, pero máis relacionados co contexto no que as Universidades teremos que convivir son os seguintes:

- a) A autonomía universitaria.



A autonomía estivo na mesma orixe das Universidades como asociacións de mestres e estudantes baixo o modelo de *universitas*, agrupando a todo ese colectivo baixo un goberno con autoridades propias e con independencia de outros poderes eclesiásticos ou locais. É coñecido como a Universidade de Cambridge xorde cando en 1209 un grupo de mestres e estudantes de Oxford, protestando pola execución de varios deles polos burgueses, se trasladaron a ese novo emprazamento. Sen ir tan lonxe, nas bulas de 1504 e 1526 polas que se recoñece a nosa Universidade, concédese tamén a exención da xurisdición episcopal e tamén do cabido.

Séculos despois asistimos atónitos a decisións políticas, mesmo en países que foron o berce da democracia, nos que se trata de someter esa autonomía das universidades a través de recortes arbitrarios de recursos e outras medidas absolutamente inadmisibles.

Fronte a eses comportamentos temos que seguir sendo militantes na defensa da universidade como unha *institución autónoma que, de maneira crítica, produce e transmite a cultura por medio da investigación e do ensino. Abrirse ás necesidades do mundo contemporáneo esixe dispor, dunha independencia moral e científica fronte calquera poder político, económico e ideolóxico*, e recollo literalmente as verbas recollidas na Magna Charta Universitatum, na súa redacción de 1998.

b) O reto demográfico.

Preocúpanos e ten que facernos reflexionar tamén a proxección da crise demográfica que vivimos sobre as institucións de educación superior. Sirvan uns datos para advertir da magnitude do problema. O Sistema universitario galego contaba no ano 2000 con 95.000 estudantes. Hoxe, 25 anos despois, as tres universidades sumamos escasamente 65.000 estudantes en todos os niveis. E estamos nunha fase de meseta pois aínda están accedendo á



Universidade os nacidos no período de bonanza que vai ata 2008. O problema do impacto demográfico da crise financeira que arranca de 2010, que xa afecta os outros niveis educativos proxectarase na Universidade a partir de finais desta década. Pero o problema non é só galego. Nas previsións para España, estimase que en 2050, se non cambian substancialmente as porcentaxes de acceso ao ensino superior, o que non é previsible, o estudantado das universidades públicas pasaría de 1,3 millóns a 900.000 estudantes.

Resulta, por tanto, esencial ampliar o a poboación obxectivo universitario engadindo outras franxas de idade de 25 a 65 anos, onde cobra un papel esencial a formación de reciclaxe e actualización ao longo da vida con novas fórmulas como as microcredenciais. Tamén hai que pensar na atracción de estudantado internacional con unha mirada clara en Latinoamérica sen renunciar a outras alternativas.

Pero o acceso á Universidade non pode reducirse a unha cuestión meramente cuantitativa, de número, senón que hai que seguir apostando pola calidade do ensino superior e garantindo que a universidade pública siga sendo o gran ascensor social a través dunha política real de igualdade de oportunidades que pasa pola existencia de prezos públicos reducidos, no caso de Galicia bonificados ao 99 % para unha boa parte do estudantado, e tamén pola dotación de bolsas e axudas que permitan que as circunstancias económicas da familia non sexan un obstáculo para acadar os obxectivos acordados coas capacidades de cadaquén.

#### c) A vivenda

Directamente relacionado coa igualdade de oportunidades temos diante de nós o reto de poder ofrecer solucións habitacionais para o estudantado que se despraza a estudar fóra da vivenda familiar. Sorprendeunos hai catro anos



algunha advertencia de Universidades como a de Amsterdam, que lles dicía aos seus estudantes que se un mes antes do inicio do curso non tiñan unha vivenda, debían cambiar de plans. Hoxe este problema témolo entre nós, xa que a competencia do sector turístico e a conseguinte redución da oferta privada de aloxamento, incrementa notablemente o prezo da vivenda ata dificultar o acceso á Universidade. As Universidades, polo menos algunhas, estamos a facer un esforzo notable para ofrecer un número importante de prazas e con prezos adaptados a capacidade económica das familias. Pero non pode recaer só sobre nós en exclusiva a solución deste problema. Tamén aquí é preciso unha acción combinada das institucións, estatais, autonómicas e locais, para ofrecer solucións públicas que xuntamente coa oferta privada poida facer que calquera estudante teña unha solución adaptada ás súas capacidades.

d) O Financiamento nun novo contexto.

Outro reto que nos atoparemos é a necesidade que teremos de desenvolver as nosas actividades nun novo escenario como o que se abrirá co remate dos fondos especiais Next Generation, no ano 2026, para afrontar as consecuencias da pandemia, e que financiaron boa parte dos programas de I+D e outras accións e investimentos no ámbito universitario. Esas actuacións, cuxo impacto se pode apreciar nas contas das Universidades, teñen data de caducidade e, case con total seguridade, provocarán unha redución deses ingresos.

Pero o problema non está só no remate deses fondos especiais, senón en que a Universidade e a Ciencia terán que competir polos recursos necesarios neste escenario de guerras e conflitos que está demandando desde instancias internacionais máis que duplicar os gastos en defensa. Mentres para as Universidades pedimos o 1 % que se establece na Lei, para Defensa as organizacións internacionais ás que pertencemos aspiran ao 5 % PIB.

Non sei ben se o problema é que a comunidade universitaria e, en particular, os seus dirixentes non estamos sabendo trasladar esta cuestión aos gobernantes e á sociedade en xeral, ou se, pola contra, é que sinxelamente os exércitos pesan máis que os investigadores e as Universidades. O que si está claro é que cinco séculos despois seguen sendo asumidas as ideas que expuxera don Quijote no seu célebre discurso sobre as armas e as letras: "... *con las armas se defienden las repúblicas, se conservan los reinos, se guardan las ciudades, se aseguran los caminos, se despejan los mares de corsarios...*". Échesenos a boca falando da nova sociedade do coñecemento, pero parece que se quere construír coas armas e non coas letras.

E xa vemos cales son as consecuencias deste escenario de guerra e conflito: en Gaza máis de medio millón de estudantes non poderán regresar ás aulas de institutos e universidades. Algúns porque foron vítimas dun xenocidio inxustificable e que segue a ser unha vergoña para toda a comunidade internacional. Outros porque os seus colexios ou universidades están sendo destruídos noutro acto de barbarie inexplicable.

Tampouco en Ucraína se pode estudar con normalidade, polos ataques e a destrución de infraestruturas obrigando nas zonas máis próximas ao fronte a implantar fórmulas non presenciais para evitar os riscos.

E permítanme rematar este discurso con dous desexos:

O primeiro, pedir o cese do xenocidio e a guerra para que calquera persoa, en calquera parte do mundo, poida vivir e estudar en paz.

E o segundo, neste ano que celebramos os 75 cabodano do seu pasamento, que se faga realidade a visión que Castelao tiña da Universidade de Santiago,



a única de Galicia naquel intre, pero que podemos estender hoxe ás tres que compoñemos o sistema universitario público de Galicia.

*Vexo a Universidade de Sant-lago convertida en cerebro de Galiza irradiando cultura e saber mais alá dos lindeiros naturais da nosa Terra”*

(Sempre en Galiza, Libro primeiro, capítulo XXXIII)'.

DIXEN